




Luciana Sandroni

Nacida en Río de Janeiro, en 1962, é autora de varios libros infantís e xuvenís, como *Minhas memórias de Lobato*, con ilustracións de Laerte, co que gañou o Premio Jabutí ao mellor libro infantil, o Premio FNLIJ ao mellor libro infantil e que foi nominado para a Lista de Honra do IBBY, ademais de *O Mário que não é de Andrade*, con ilustracións de Spacca, que foi galardoado co Premio FNLIJ ao mellor libro infantil.

No 2010, Luciana participou no libro *Peace Story*, publicado en Corea do Sur, con ilustracións de Roger Mello.

A súa personaxe máis famosa é Ludi, cuxos primeiros títulos, *Ludi vai à praia* e *Ludi na TV*, foron adaptados para o teatro. Outros libros con esta personaxe son: *Ludi na Revolta da Vacina* (Premio Carioquinha, concedido polo concello de Río de Janeiro), *Ludi na chegada e no botá-fora da Família Real* e *Ludi e os fantasmas da Biblioteca Nacional*. Todos eles recibiron a categoría de moi recomendables pola FNLIJ (Fundação Nacional do Livro Infantil e Juvenil).



Ziraldo

Nado en Caratinga en 1932, Minas Gerais, Ziraldo, que vive actualmente en Río de Janeiro, é un ilustrador, deseñador, debuxante e caricaturista político. No 1969 publicou o libro *Flicts*, que se convertiu nun clásico, e en 1980 lanzou *O menino maluquinho*, unha obra adaptada ao teatro, televisión e cine e que foi a primeira ópera infantil brasileira. En 2010, Ziraldo foi galardoado co Premio Quevedo, da Universidade de Alcalá. Os seus libros foron traducidos e publicados en toda América Latina e, algúns deles, noutros países, como Xapón e Corea. Ziraldo foi proposto pola FNLIJ (Fundação Nacional do Livro Infantil e Juvenil) en tres ocasións para o Premio Hans Christian Andersen na categoría de escritor.

Gañadores brasileiros do Premio Hans Christian Andersen



1982 | ESCRITORA
Lygia Bojunga



2000 | ESCRITORA
Ana Maria Machado



2011 | ILUSTRADOR
Roger Mello



Homenaxe da FNLIJ ao pioneiro da literatura brasileira para nenos e mozos

MONTEIRO LOBATO
(1882-1948)

PRIMEIRO LIBRO DE LOBATO
PARA NENOS: *A menina do narizinho arrebitado* (1920)

Día Internacional do Libro Infantil

2 de Abril 2016



Era unha vez ...

MENSAXE LUCIANA SANDRONI | ILUSTRACIÓN ZIRALDO

Era unha vez...



ra unha vez unha... Princesa? Non.

Era unha vez unha biblioteca. E era tamén unha vez Luisa, que foi á biblioteca por primeira vez. A nena camiñaba amodo, tirando dunha mochila de rodiñas enorme. Miraba para todo abraiada: andeis e máis andeis cheñños de libros... Mesas, cadeiras, coxíns de cores, debuxos e carteis nas paredes.

–Trouxen unha foto miña –díxolle timidamente á bibliotecaria.

–Moi ben, Luisa! Vou facerche entón a túa tarxeta da biblioteca. Mentres, podes ir escollendo un libro. Podes escoller un para levar para a casa, vale?

–Só un? –preguntou, decepcionada.

De súpeto, soou o teléfono e a bibliotecaria deixou á nena con esa tarefa tan complicada de escoller só un libro de entre aquel mar de libros dos andeis. Luisa camiñou tirando da súa mochila e buscou e buscou ata que atopou o seu favorito: *Brancaneves*. Era un exemplar de tapa dura cunhas ilustracións preciosas. Co libro na man, volveu tirar da mochila e, xusto cando ía saír, alguén tocoulle no ombro. A nena case cae de cu da sorpresa: era, nada máis e nada menos, que o Gato con Botas, co seu propio libro nas mans ou, máis ben, nas poutas!

–Como está vostede? –preguntou o gato cunha reverencia–. Luisa, non sabes xa todo o que hai que saber desas historias de princesas? Por que non levas o meu libro, *O Gato con Botas*, que é máis divertido?

Luisa, asombrada, cos ollos estartelados, non sabía que dicir.

–Que ocorre? Comeuche a lingua o gato? –burlouse o gato.

–Es de verdade o Gato con Botas?

–Son eu de verdade! O mesmiño! Veña, logo, lévame para a casa e coñecerás todo sobre a miña historia e a do Marqués de Carabás.

A nena estaba tan atónita que só puido asentir coa cabeza.

O Gato con Botas mergullouse maxicamente de volta no seu libro e, can-

escrito por **Luciana Sandroni** | traducido por **Sabela González** | ilustrado por **Ziraldo**

do Luisa estaba a marchar, sentiu de novo que lle tocaban no ombro. Era ela: “branca coma a neve, meixelas de roseira e cabelos tan negros coma o carbón”. Sabedes quen era?

–Brancaneves! –dixo Luisa, perplexa.

–Luisa, lévame tamén contigo. Este exemplar –dixo, amosándolle o seu libro– é unha adaptación auténtica da historia dos irmáns Grimm.

Cando a nena estaba a piques de cambiar o libro de novo, o Gato con Botas apareceu, moi irritado.

–Brancaneves, Luisa xa se decidiu. Volve onda os teus seis ananos.

–Son sete! E ela aínda non decidiu nada! –exclamou Brancaneves, arroibándose do enfado.

Os dous personaxes ollaron para a nena agardando unha resposta.

–Non sei cal levar. Quero levalos todos...

De súpeto ocorreu algo extraordinario e insospeitado: todos os personaxes comezaron a saír dos seus libros: Cincenta, Carapuchiña Vermella, a Bela Dormente e Rapunzel. Aquelo era todo un equipo de auténticas princesas.

–Luisa, lévame para a túa casa! –rogaron todas elas.

–Eu só preciso unha cama para durmir un chisco –dixo a Bela Dormente, bocexando.

–Só cen anos, un chisco! –mofouse o Gato.

–Eu podería limparche a casa –falou Cincenta–, pero á noite teño unha festa no castelo do...

–Do Príncipe! –berraron todas.

–Na miña cesta levo torta e viño. Alguén quere? –ofreceu Carapuchiña Vermella.

De seguido, máis e máis personaxes foron aparecendo: o Parrulo Feo, a Vendedora de Mistos e, tamén, o Soldadiño de Chumbo e a Bailarina.

–Luisa, podemos ir contigo? Somos pesonaxes de Andersen –pediu o Parru-

lo Feo que, en realidade, non era tan feo.

–Vai caloríño na túa casa? –preguntou a Vendedora de Mistos.

–Ouh, se hai unha cheminea, mellor quedamos por aquí... –engadiron o Soldadiño de Chumbo e a Bailarina.

Xusto entón, para sorpresa de todos, apareceu fronte a eles un lobo enorme e peludo, cos dentes afiados. Era o Lobo Feroz!

–Lobo, vaia boca máis grande tes! –dixo Carapuchiña, por costume.

–Eu protexereivos! –falou o Soldadiño de Chumbo, con moito valor.

Foi entón cando o Lobo Feroz abriu a súa enorme boca e... Comeunos a todos? Non! Bocexou do cansado que estaba e dixo, con moita calma:

–Tranquilizádevos todos. Só quería darvos unha idea. Luisa podería levar o libro de Brancaneves e o resto poderíamos ir na súa mochila, é abondo grande para todos nós.

A todos os personaxes lles pareceu unha moi boa idea.

–Podemos ir, Luisa? –preguntou a Vendedora de Mistos, que tremía de frío.

–Claro! –dixo ela mentres abría a mochila.

Todos os personaxes puxéronse en fila e comezaron a entrar.

–Primeiro as princesas! –pediu Cincenta.

Ao final, foron aparecendo tamén personaxes do Brasil: Saci, Caipora, unha boneca de trapo que falaba moito, un neno toliño, unha nena cun bolso amarelo, outra coa foto da súa bisavoa pegada ao corpo, un rei pequeno e mandón. Todos e todas entraron. A mochila pesaba máis ca nunca. Os personaxes pesaban moito! Luisa colleu o libro de Brancaneves e a bibliotecaria anotouno na súa tarxeta da biblioteca.

Un anaco despois, a nena chegou á casa moi contenta. A súa nai chamou dende dentro:

–Chegaches, miña rula?

–Si! Chegamos!